



Lugo, 15 de maio de 2024

Prezada familia,

Unha vez rematado o proceso ordinario de escolarización para o curso 2024-2025, queremos facer unha reunión presencial cos vosos fillos e fillas para que teñan a oportunidade de visitar o seu futuro centro e coñecemos persoalmente.

A reunión celebrarase no salón de actos do centro, o vindeiro mércores, 22/05, ás 17:00 horas.

Os temas a tratar na mesma serán os seguintes:

1. Presentación
2. Novidades da etapa de Bacharelato.
3. Prematrícula 1º Bacharelato
4. O IES Nosa Señora dos Ollos Grandes
  - a. Proxecto educativo
  - b. Orientación
  - c. ANPA.
5. Rogos e preguntas.

A reunión terá unha duración aproximada dunha hora e vai dirixida ao alumnos e alumnas admitidos en 1º de Bacharelato procedentes de outros centros.

Con posterioridade, se así o demandades, valorarase facer unha reunión tamén cas familias. Podedes comunicarnos o voso interese na mesma no correo do centro, [ies.nosasenora.ollosgrandes@edu.xunta.es](mailto:ies.nosasenora.ollosgrandes@edu.xunta.es)

Atentamente,

Francisco Núñez  
Dirección

PS. Achégase a esta carta o formulario de prematrícula que nos gustaría trouxeran cuberto á reunión de cara a ir adiantando a organización do curso.

Na reunión resolveranse todas as dúbidas que puidera haber con respecto á mesma.